

CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE A AXENCIA PARA A MODERNIZACIÓN TECNOLÓXICA DE GALICIA E O COLEXIO PROFESIONAL DE ENXEÑARÍA EN INFORMÁTICA DE GALICIA PARA A POSTA EN MARCHA DE ACTIVIDADES PARA O FOMENTO DA SOCIEDADE DIXITAL

Santiago de Compostela, 8 de maio de 2018

REUNIDOS

Dunha parte, **dona Mar Pereira Álvarez**, directora da Axencia para a Modernización Tecnolóxica de Galicia, (co NIF Q1500382E), actuando en nome e representación da dita Axencia, en virtude das facultades conferidas polo Decreto 252/2011, do 15 de decembro, polo que se crea a Axencia para a Modernización Tecnolóxica de Galicia e se aproban os seus estatutos e o Decreto 91/2012, do 16 de marzo, polo que se nomea directora da Axencia para a Modernización Tecnolóxica de Galicia.

Doutra parte, **don Fernando Suárez Lorenzo**, presidente do Colexio Profesional de Enxeñaría en Informática de Galicia, (co NIF Q1500325D) en nome e representación do citado Colexio, con sede na, Rúa Fernando III o Santo, nº13 1ªA – 15701 Santiago de Compostela (A Coruña), en virtude das atribucións que lle confiren os Estatutos deste Colexio, aprobados polo Decreto 214/2008, do 11 de setembro, da Xunta de Galicia (DOG do 3 de outubro), así como pola Lei 10/2006 do Parlamento de Galicia, do 1 de decembro, de Creación do Colexio Profesional de Enxeñaría en Informática de Galicia.

Interveñen en función dos seus respectivos cargos no exercicio das atribucións que teñen conferidas no nome das entidades que representan e

EXPOÑEN

Primeiro. Que, segundo o artigo 6 do estatuto da Axencia para a Modernización Tecnolóxica de Galicia (en diante Amtega) aprobado polo Decreto 252/2011, do 15 de decembro, polo que se crea a Axencia para a Modernización Tecnolóxica de

Galicia e se aproban os seus estatutos, a Amtega ten entre as súas competencias a dirección e xestión de todas as actuacións da Xunta en materia de tecnoloxías da información e as comunicacións e o deseño e liderado de iniciativas que contribúan a impulsar o desenvolvemento da Sociedade da información en Galicia, garantindo os dereitos dos cidadáns e eliminando as barreiras que se opoñan á expansión e ao uso das novas tecnoloxías.

Así mesmo, de acordo co artigo 5 do Decreto 252/2011, do 15 de decembro, polo que se crea a Axencia para a Modernización Tecnolóxica de Galicia e se aproban os seus estatutos, queda desconcentrada na titular da Dirección da Amtega a competencia para subscribir con entidades públicas e privadas, en nome da Amtega, convenios de colaboración excluídos da lexislación de contratos do sector público.

Segundo. Que o Colexio Profesional de Enxeñaría en Informática de Galicia, (en diante CPEIG) segundo o disposto na Lei 10/2006 do Parlamento de Galicia do 1 de decembro do 2006, pola que se crea o Colexio Profesional de Enxeñaría en Informática de Galicia e nos seus Estatutos, ten entre os seus fins e funcións a regulación do exercicio, promoción e mellora das actividades profesionais que engloban as enxeñarías en informática e o fomento e promoción de actuacións relacionadas con este sector profesional entre as que se atopan a implantación da sociedade da información e das tecnoloxías da información en todos os ámbitos da actividade económica e social da Comunidade Autónoma de Galicia.

Terceiro. Que a Xunta de Galicia, ante o escenario dixital que nos rodea, motor dunha sociedade mellor, apostando por un modelo de crecemento vinculado á economía dixital –solidaria e inclusiva– e á transparencia e participación de todos os axentes implicados no desenvolvemento económico de Galicia, está a impulsar medidas dinamizadoras da economía galega. Neste contexto, o sector das TIC galego debe converterse nunha das áreas produtivas claves no desenvolvemento económico e social de Galicia, pola súa condición de acelerador do cambio tecnolóxico e polo seu carácter transversal ao resto de sectores.

O Consello da Xunta, o 30 de abril de 2015, aprobou a Axenda Dixital de Galicia 2020, a nova estratexia tecnolóxica de Galicia para articular e consolidar un modelo

de crecemento vinculado á economía dixital que contribúa a dar resposta aos desafíos aos que se enfronta Galicia en todas ás áreas de desenvolvemento da Comunidade.

Deste xeito, tomando como base os logros acadados nos cinco anos de actuacións da primeira Axenda Dixital de Galicia 2014.gal a nova estratexia establece 20 desafíos articulados en torno a cinco liñas estratéxicas: a Valorización da Administración, a Énfase na Vida dixital, a Aceleración da economía dixital, o Estímulo ao crecemento do sector TIC e a Articulación dixital do Territorio.

Cuarto. Que a Amtega ten entre os seus obxectivos prioritarios lograr un desenvolvemento efectivo da Sociedade da Información na Comunidade Autónoma de Galicia, promovendo aquelas accións que faciliten e impulsen a incorporación de toda a sociedade aos novos recursos tecnolóxicos da información e das comunicacións e a implicación dos cidadáns galegos na utilización das novas tecnoloxías como factor xerador de novas capacidades, de emprego e de desenvolvemento económico. A velocidade de desenvolvemento da Sociedade do Coñecemento e as súas tecnoloxías asociadas pode provocar que determinados colectivos, que integran a nosa sociedade, se atopen con dificultades para acceder ás tecnoloxías das comunicacións quedando, polo tanto, en perigo de exclusión nos diferentes ámbitos da súa vida.

Quinto. Que para levar a cabo a devandita finalidade preténdese a posta en marcha dunha serie de actuacións para o fomento da Sociedade da Información en colaboración co CPEIG, entre as que estarían:

- Actividades de difusión da Sociedade da Información en Galicia
- Programa Tech Kids
- Xornadas formativas

É evidente pois, que a achega económica da Amtega ao abeiro do presente convenio ten un carácter de interese público, de acordo co artigo 26.2 da Lei 9/2007, do 13 de xullo, de subvencións de Galicia, porque contribuirá a:

- Desenvolver plans de formación para o crecemento da Sociedade da Información e a capacitación profesional nas tecnoloxías da información entre os profesionais e a sociedade en xeral.
- Incorporar a accesibilidade como condición indispensable das actuacións.
- Incrementar os contidos divulgativos en galego en Internet.
- Difusión e divulgación das vantaxes da incorporación das TIC en todos os sectores, así como do sector profesional das TIC.
- Contribuír á igualdade de xénero no sector das TIC.

Doutra banda, cómpre salientar que existe unha identidade entre os obxectivos do CPEIG e os que constitúen o obxecto do presente convenio.

Por todo o exposto considérase de grande interese a colaboración das partes asinantes, non sendo posible promover a concorrència pública resultando, polo tanto, de aplicación o artigo 26.2 da Lei 9/2007, do 13 de xullo, de subvencións de Galicia.

A achega económica outórgase ao amparo do disposto no Regulamento (CE) 1407/2013 da Comisión, do 18 de decembro de 2013, relativo á aplicación dos artigos 107 e 108 do Tratado de funcionamento da Unión Europea ás axudas *de minimis* (DOUE 24/12/2013, L352/1).

En consecuencia, a Amtega e o CPEIG acordan subscribir o presente convenio de colaboración con base nas seguintes:

CLÁUSULAS

Primeira. Obxecto

O presente Convenio de Colaboración entre a Amtega e o CPEIG ten por obxecto a realización de actuacións de formación, capacitación e promoción no ámbito das tecnoloxías da información en Galicia.

Este convenio enmárcase dentro das accións definidas na Axenda Dixital de Galicia.

Segunda. Descrición do proxecto

As actuacións que se desenvolverán en base a este Convenio de Colaboración son as seguintes:

1. Actividades e accións de difusión da Sociedade Dixital en Galicia

Resulta fundamental difundir entre a sociedade galega os avances tecnolóxicos que permiten unha mellora da competitividade das empresas, poñendo en valor o papel fundamental das TIC no camiño cara á mellora económica de Galicia e de España. Nesta liña, o CPEIG potenciará accións concretas de difusión cara á mellora da comunicación para a comunidade de colexiados, profesionais, organismos e empresas do sector TIC galego, en temas de investigación, tendencias de mercado, innovación, etc. entendidas nun sentido amplo.

2. Programa Tech Kids

A revolución que vivimos da man da informática e a tecnoloxía non ten precedentes na historia da humanidade. O rápido progreso da informática brinda excelentes oportunidades de acadar niveis máis elevados de desenvolvemento, cun inmenso impacto en practicamente todos os aspectos da nosa vida. Grazas á capacidade das TIC para reducir moitos obstáculos tradicionais, especialmente tempo e distancia, por primeira vez na historia pódese usar o gran potencial destas tecnoloxías para o beneficio de millóns de persoas en todo o mundo.

A informática continuará avanzando nos próximos anos e transformando o noso mundo. O ritmo de evolución e cambio que se está producindo na nosa sociedade fará que moitos dos empregos actuais desaparezan e xurdan outros que nin sequera podemos imaxinar hoxe en día, do mesmo xeito que ocorrerá cos costumes e hábitos nas relacións persoais. É practicamente imposible predicir cales serán as tecnoloxías que aparecerán no futuro e como afectarán as empresas, administracións e aos cidadáns. Todos estes avances suporán grandes oportunidades e importantes retos, coa única certeza da importancia da aprendizaxe e a formación continua.

Neste contexto o talento dixital, así como a formación no ámbito dixital para desenvolver axeitadamente este talento, vai ser clave para poder tanto xerar como

aproveitar estas novas oportunidades.

O enorme abanico de novas profesións que abre a economía dixital nas súas diferentes áreas é realmente suxestivo para os máis novos, non só polo seu innegable atractivo intrínseco, senón tamén polo seu alto potencial de demanda de emprego nos próximos anos. Moitos destes mozos xa triunfan en empresas españolas e estranxeiras, con inspiradores casos de éxito profesional.

Unha economía forte e competitiva baséase nos cambios tecnolóxicos e no aumento da especialización, caracterízase por unha elevada produtividade e supón unha condición previa para mellorar o nivel de vida, no contexto dunha economía cada vez máis dixital.

Ante esta realidade, Europa reclama maior número de profesionais preparados para a economía dixital, con altas capacidades, que contribuirán a atraer investimento e que impedirán unha perda de empregos claves no sector TIC directamente e indirectamente nos demais sectores económicos, en beneficio doutras rexións do mundo.

Son, polo tanto, urxentes as estratexias para construír unha economía competitiva. Para cubrir as necesidades competitivas e acadar un crecemento sostible, faise preciso afianzar unha sociedade dotada con este tipo de competencias, que conte con profesionais cualificados, que poidan enfrontarse ás necesidades e desafíos competitivos futuros, con participación activa na investigación, na innovación e con capacidade para situarse na vangarda do coñecemento, sendo imprescindible neste eido o talento dixital e a correcta canalización do mesmo.

Diversos estudos indican que un dos motivos da baixa demanda das titulacións STEM (Ciencia, Tecnoloxía, Enxeñaría e Matemáticas) é o descoñecemento das tarefas desenvolvidas polos profesionais destes campos. Con *Tech Kids* vaise traballar nos seguintes ámbitos:

- apoiar aos pais na comprensión do papel máis amplo de computación na nosa sociedade, de modo que poidan orientar aos estudantes na selección deste tipo de carreiras e mellorar a imaxe da informática como profesión.
- mellorar a conciencia entre a xente nova de que a aplicación de computación e codificación para os problemas sociais reais pode axudar a cambiar o mundo, o que pode ser un poderoso gancho para as nenas e un imán para as mulleres. A carencia de mulleres no sector TIC, con índices



inferiores ao 20%, é unha das grandes preocupacións das universidades, empresas e administracións públicas. Así, mentres que as nenas queren facer do mundo un lugar mellor, non ven como un traballo de computación ía axudarlles a acadar os seus soños e ambicións.

- identificar e fomentar talentos dixitais, como primeiro paso para que os nosos mozos e mozas vexan nas TIC unha vía de desenvolver as súas aptitudes, capacidades e talentos.

En resumo, o programa Tech Kids pretende fomentar o interese pola ciencia e a tecnoloxía entre a mocidade galega.

Tech Kids utilizará desafíos temáticos que poderán involucrar á mocidade, preferentemente na franxa de 10 a 16 anos, na investigación, a resolución de problemas e a ciencia.

Os piares do programa fan fincapé en aprender dos demais compañeiros, a competición amistosa e colaborativa, a aprendizaxe e a contribución á sociedade.

Para elo, os participantes en Tech Kids:

- Diseñarán, construírán, probarán e programarán robots, aplicacións e participarán en actividades tales como:
 - *Crea a túa App*, para aprender a desenvolver aplicacións para dispositivos móbiles.
 - *A que xogas?*, na que aprenderán a deseñar e crear o seu propio videoxogo.
 - *Conta a túa historia*, convertendo a imaxinación en animacións e dando vida a debuxos creando contidos dixitais.
- Investigarán e resolverán desafíos científicos de actualidade.
- Aplicarán conceptos de matemáticas, ciencia e tecnoloxía na vida real.
- Desenvolverán habilidades e competencias do século XXI como o traballo en equipo, a resolución de problemas e a comunicación.
- Participarán e divertiranse en torneos e celebracións en formato deportivo.

Tech Kids contará cunha sesión de inicio en Santiago de Compostela na que, ademais de desenvolver talleres sobre as distintas tecnoloxías e temáticas a

profundizar no programa, celebrarase unha conferencia a cargo dun persoeiro de relevancia no ámbito do desenvolvemento de contidos dixitais.

Posteriormente levaranse a cabo sesións en distintas localidades de Galicia, tentando dar cobertura a toda a xeografía da nosa comunidade. O mínimo de sesións a celebrar é de 20. Nestas sesións celebraranse competicións nos distintos ámbitos do programa, de xeito que se ofrezca aos mozos e mozas unha oportunidade para achegarse de forma lúdica e divertida á tecnoloxía e á enxeñaría. Os rapaces deberán superar distintos retos e desafíos, aprendendo deste xeito, poñendo en práctica o seu talento dixital e amosando a súa capacidade de resolución de problemas, ao tempo que desenvolven competencias persoais.

Ao longo das distintas competicións locais iranse seleccionando os mellores proxectos, que participarán nunha sesión final a celebrar en Santiago de Compostela

O CPEIG, segundo a evolución da actividade, poderá propoñer a participación e incorporar outros axentes que considere axeitados para acadar os obxectivos da mesma.

Tech Kids, por tanto, vai ser unha actividade de interese:

- Para involucrar ao alumnado nun proxecto motivador durante o desenvolvemento do programa.
- Para identificar e desenvolver talento dixital.
- Para reforzar a confianza e autoestima entre os rapaces e rapazas.
- Para despertar o interese pola ciencia e maila tecnoloxía.
- Para mellorar as oportunidades de futuro.
- Para desenvolver as habilidades e competencias do século XXI: creatividade, innovación, traballo en equipo, liderado, comunicación, emprendemento e resolución de problemas.

3. Xornadas formativas

Esta iniciativa ten como fin favorecer o desenvolvemento das potencialidades dos traballadores dos sectores tecnolóxico e de administración e servizos, permitindo

que alcancen maiores niveis de cualificación, que adapten os seus coñecementos á contorna e favorecer a súa promoción profesional.

As actividades formativas recollidas no presente convenio supoñen una aposta decidido pola aplicación do e-learning, de forma que a maioría dos cursos a celebrar serán en liña e semipresenciais, o que facilitará o acceso dos traballadores, fronte á rixidez horaria dos cursos presenciais, e permitíndolles conciliar as horas de formación coas súas necesidades profesionais e persoais así como unha maior interacción do alumno co seu profesor ou titor.

A definición final das temáticas a impartir aprobarase no seo da comisión de seguimento establecida na cláusula décimo terceira deste convenio. A través destas xornadas formativas formarase aos profesionais na incorporación de metodoloxías e o coñecemento de técnicas que poidan incorporar ao seu traballo obtendo resultados cuantificables, aportando deste xeito calidade ao traballo diario e permitindo orientar a visión do seu traballo de cara á achega de valor ao negocio ao cal dan servizo e sen o cal a súa profesión carecería de sentido.

A formación estará orientada a adestrar ao alumnado nas materias seleccionadas dende un punto de vista eminentemente práctico. Para elo os cursos incorporarán exercicios e tarefas onde o traballo en equipo forma parte do ambiente da aula emulando deste xeito un contorno real de traballo, sendo necesario contar xa cunha base de coñecemento.

A modalidade dos cursos será mixta, combinado a formación presencial e a teleformación. Para garantir a máxima calidade na docencia á par que un uso razoable dos recursos, propónse un máximo de 50 alumnos por cada edición dun número máximo de 6 cursos de temáticas diferentes.

Do mesmo xeito a proposta inclúe non só a propia impartición dos cursos, senón a actualización ou creación dos contidos precisos para a posterior impartición.

Terceira.- Obrigas do CPEIG

Co fin de garantir a execución do obxecto do presente convenio, o CPEIG obrígase a:

- Levar a cabo, directamente ou en colaboración con outras entidades, as actuacións establecidas neste convenio debendo proceder, en consecuencia,

á asignación dos medios humanos e materiais que sexan necesarios e, de ser o caso, á contratación das colaboracións externas que se precisen para o seu desenvolvemento.

- Cumprir co disposto no artigo 11 da lei 9/2017 de subvencións de Galicia.
- Seguir as normas sobre confidencialidade de datos, concretamente a Lei orgánica 15/1999, do 13 de decembro, de protección de datos de carácter persoal e as normas que a desenvolven.
- Axustarse ás normas de seguridade e de imaxe corporativa, no seu caso, establecidas pola Xunta de Galicia.
- Achegar os informes e documentos que acrediten fidedignamente o desenvolvemento das actividades do presente convenio, así como os informes e demais documentos requiridos pola Amtega.
- Entregar todo o material elaborado dentro do marco deste convenio de acordo co establecido na cláusula décimo sexta relativa a Dereitos de explotación e propiedade intelectual baixo licenza Creative Commons BY-SA (Recoñecemento – Compartir Igual).
- Facer figurar expresamente o financiamento da Amtega como promotora do proxecto na totalidade das actuacións asociadas a este Convenio.
- Ser titular e suxeito pasivo de todas as obrigas tributarias e sociais e de calquera outra índole que se deriven da aplicación do ordenamento xurídico vixente.
- Facilitar a inspección e control dos órganos da Amtega co obxecto de supervisar o cumprimento das actividades previstas no convenio e que permitan a esta a xustificación financeira perante a Intervención Xeral da Comunidade Autónoma e o Tribunal de Contas, así como as comprobacións previstas na lexislación do Consello de Contas.
- O CPEIG comprométese a xustificar ante a Amtega todas as actuacións que se realicen ao abeiro do presente convenio.
- O CPEIG quedará sometido aos procedementos de control establecidos A achega económica outórgase ao amparo do disposto no Regulamento (CE) 1407/2013 da Comisión, do 18 de decembro de 2013, relativo á aplicación

dos artigos 107 e 108 do Tratado de funcionamento da Unión Europea ás axudas de minimis (DOUE 24/12/2013, L352/1).

Doutra banda, CPEIG presentou, previamente á sinatura do presente convenio, de xeito electrónico a través do procedemento PR601A habilitado ao efecto na Sede Electrónica da Xunta de Galicia:

- Declaración responsable de non estar incurso en ningunha das prohibicións para a obtención de subvencións contempladas no artigo 10.2 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia. A acreditación de non estar incurso nas ditas prohibicións realizouse mediante declaración responsable do seu representante legal.
- Declaración sobre calquera outra axuda de mínimos recibida durante os dous exercicios fiscais anteriores e durante o exercicio fiscal en curso (artigo 3.2 do regulamento de mínimos).
- Declaración de "outras axudas solicitadas, tanto as aprobadas ou concedidas como as pendentes de resolución (para os mesmos gastos subvencionables), das distintas administracións públicas ou calquera dos seus organismos, entes ou sociedades".
- Autorización á Amtega para solicitar as certificacións emitidas pola Axencia Estatal da Administración Tributaria, a Tesouraría Xeral da Seguridade Social e a Axencia Tributaria de Galicia, que acreditan que a entidade se atopa ao corrente das súas obrigas. A dita autorización estará en vigor durante a vixencia do presente convenio.
- Non obstante o anterior, o CPEIG poderá revogar expresamente dito consentimento en calquera momento.
- Declaración expresa na que manifesta a súa preferencia pola notificación electrónica, no que se refire a resolucións e actos administrativos que afecten aos seus dereitos e intereses.

Cuarta.- Gastos subvencionables.

Con carácter xeral, e de acordo co establecido no artigo 29 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, consideraranse gastos subvencionables aqueles

que, de xeito indubidable, respondan á natureza da actividade subvencionada e se realicen dentro do período comprendido entre o 1 de xaneiro de 2018 e a data límite de xustificación do convenio.

Os custos tales como dietas, viaxes, consumibles, formarán parte da xustificación da subvención, sempre que sexan imputados polo CPEIG á actividade subvencionada e, en todo caso, na medida na que tales custos correspondan ao período no que efectivamente se realiza a actividade.

O importe do IVE non se considerará gasto subvencionable cando sexa susceptible de recuperación ou compensación, salvo que se acredite a exención do mesmo e consecuentemente non resulte recuperable para o beneficiario.

De conformidade co establecido no artigo 29.3 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, cando o importe do gasto subvencionable supere as contías establecidas no texto refundido da Lei de contratos do sector público aprobado polo Real decreto legislativo 3/2011, do 14 de novembro, para o contrato menor, o beneficiario deberá solicitar como mínimo tres ofertas de diferentes provedores, con carácter previo á contratación do compromiso para a obra, a prestación do servizo ou a entrega do ben, agás que polas súas especiais características non exista no mercado suficiente número de entidades que as realicen, presten ou subministren ou agás que o gasto se tivese realizado con anterioridade á solicitude da subvención.

En ningún caso o custo de adquisición dos gastos subvencionables poderá ser superior ao valor do mercado.

Considérase gasto realizado o que foi efectivamente pagado con anterioridade á finalización do período de xustificación determinado neste convenio.

A achega económica outórgase ao amparo do disposto no Regulamento (CE) 1407/2013 da Comisión, do 18 de decembro de 2013, relativo á aplicación dos artigos 107 e 108 do Tratado de funcionamento da Unión Europea ás axudas de minimis (DOUE 24/12/2013, L352/1), quedando condicionada polo establecido na normativa comunitaria sobre esta materia.

O orzamento estimado de gasto para o desenvolvemento da actuación prevista no convenio é o seguinte:

Proxecto	Importe
Actividades de difusión da Sociedade Dixital en Galicia	5.000,00 €
Programa Tech Kids	45.000,00 €
Formación	15.000,00 €
TOTAL	65.000,00 €

Quinta.- Dirección, medios humanos e materiais.

O CPEIG, co obxecto de garantir a adecuada execución das actuacións deste convenio, comprométese a asumir a súa dirección, debendo proceder, en consecuencia á asignación de medios humanos e materiais que sexan necesarios e, no seu caso, a subcontratación dos servizos precisos para levar a cabo as actuacións establecidas no presente convenio, que en todo caso, se realizarán de acordo co establecido no artigo 27 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, podendo acadar o custo total da actividade proposta.

Desta forma, de conformidade co establecido no apartado 3) do devandito artigo 27, cando a actividade concertada con terceiros exceda do 20% do importe da subvención establecida neste convenio e dito importe sexa superior a 60.000 euros, a subcontratación estará sometida ao cumprimento dos seguintes requisitos:

- Que o contrato se celebre por escrito.
- Que a celebración do mesmo se autorice previamente pola Amtega.

En todo caso, de acordo co artigo 43.3 do Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro, polo que se aproba o Regulamento da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, a Amtega poderá comprobar, dentro do período de prescrición, o custo e o valor de mercado das actividades subcontratadas.

No caso de cesión de datos, a entidade subcontratada cumprirá as esixencias do artigo 12 da Lei 15/1999, de Protección de datos, adoptándose tanto as medidas de seguridade técnicas como organizativas.

Sexta.- Orzamento e obrigas da Amtega

A Amtega financiará as accións do presente convenio, ata un máximo de SESENTA E CINCO MIL EUROS (65.000 €) con cargo á partida orzamentaria

04.A1.571A.781.0 dos orzamentos xerais da Comunidade Autónoma de Galicia para o ano 2018.

Este expediente tramítase como anticipado de gasto ao abeiro da posibilidade prevista no artigo 1 da Orde do 11 de febreiro de 1998, que regula a tramitación anticipada de expedientes de gasto, modificada respectivamente pola Orde do 27 de novembro de 2000 e pola Orde do 25 de outubro de 2001 e queda condicionado á existencia de crédito axeitado e suficiente nos orzamentos xerais da Axencia para a Modernización Tecnolóxica de Galicia que se aproben para o ano 2018.

O financiamento por parte da Amtega das actuacións obxecto do presente convenio será compatible con outras axudas establecidas por outra Administración Pública, organismo ou ente público ou privado, nacional ou internacional para o mesmo fin.

O importe das axudas en ningún caso poderá ser de tal contía que, illadamente ou en concorrencia con outras subvencións, axudas, ingresos ou recursos, supere o custe da actividade subvencionada.

O aboamento da achega antedita realizarase unha vez que se xustifique a realización das actividades descritas neste convenio.

Sétima.- Xustificación

O CPEIG presentará ante a Amtega a xustificación da subvención. O prazo para presentar a xustificación finaliza o **31 de outubro de 2018** e se presentará a seguinte documentación xustificativa, a través do procedemento PR601A habilitado ao efecto na Sede Electrónica da Xunta de Galicia:

Solicitud de libramento.

- Excepcionalmente, no caso de que o solicitante revogase expresamente a autorización ao órgano xestor para que solicite de oficio os certificados de que está ao día nas súas obrigas, deberá achegar certificacións de estar ao corrente das obrigas tributarias estatais, coa Axencia Tributaria de Galicia e coa Seguridade Social.
- Memoria de actuación xustificativa do cumprimento das condicións impostas neste convenio, con indicación do total das actividades realizadas, resultados obtidos e os datos e incidencias máis salientables habidos na súa execución.

- Relación clasificada dos gastos e investimentos da actividade, con identificación do acreedor e do documento, o seu importe, data de emisión e, no seu caso, data de pagamento.
- Xustificación dos gastos realizados: orixinais ou copias compulsadas das facturas ou dos documentos de valor probatorio equivalente no tráfico xurídico mercantil ou con eficacia administrativa incorporados na relación a que se fai referencia no parágrafo anterior emitidas dentro do período comprendido entre o 1 de xaneiro de 2018 e a data límite de xustificación.
- Xustificación dos pagamentos efectuados: transferencia bancaria, certificación bancaria orixinal ou extracto de pagamento comprendido entre o 1 de xaneiro de 2018 e a data límite da xustificación. Nestes documentos deberán quedar claramente identificados o/a receptor/a, o/a emisor/a e o concepto do pagamento. Non se admitirán pagamentos en efectivo.
- Declaración de calquera axuda obtida polo beneficiario baixo o réxime *de minimis* no presente ano fiscal e nos dous anteriores.
- Declaración do conxunto de axudas solicitadas, tanto as aprobadas ou concedidas como as pendentes de resolución, para o mesmo proxecto, das administracións públicas competentes ou das súas entidades vinculadas ou dependentes así como dos entes privados. Nesta declaración, se é o caso, deberá figurar unha relación detallada doutros ingresos ou subvencións que houberen financiado a actividade subvencionada con indicación do importe e a súa procedencia.
- Declaración responsable relativa á titularidade da conta onde se debe realizar o pagamento, en que conste a razón social e NIF, así como así como o código internacional de conta bancaria (código IBAN).
- Declaración expresa do beneficiario de que as persoas ou entidades contratadas e/ou subcontratadas para as actividades subvencionadas non estean vinculadas con el, de conformidade co artigo 27.7.d) da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia e no seu regulamento de desenvolvemento.
- No caso de estar exento do imposto sobre o valor engadido (IVE), documentación acreditativa da mencionada exención.

- Entregar cuberto o modelo de recompilación de datos, que aparece recollido como **Anexo I** do presente convenio.
- Calquera outra documentación ou material que o beneficiario considere necesario presentar para unha mellor xustificación das actuacións obxecto do presente convenio.

En todo caso, a Amtega resérvase o dereito de solicitar toda a documentación que se considere precisa en relación coa realización das actuacións obxecto do presente convenio e calquera outra que estime oportuna para a correcta xustificación do gasto e o seu pagamento.

Oitava.- Pagamento

O aboamento da achega económica realizarase a medida que se xustifique a realización das actividades descritas neste convenio, mediante pagamentos parciais á conta da liquidación por importe non superior ao 80% da porcentaxe subvencionada correspondente aos pagamentos xustificados, de conformidade co disposto no artigo 62 do Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro.

Adicionalmente, con carácter xeral, e previa solicitude, poderá procederse a un anticipo de ata o 50% do importe máximo de financiamento que serán concedidos mediante resolución motivada nas condicións establecidas no artigo 31.6 la Lei 9/2007 e nos artigos 62.2 e 63 do Decreto 11/2009. O prazo para presentar a solicitude do anticipo, rematará o **30 de setembro de 2018**.

Nos termos establecidos no citado Decreto 11/2009, se o beneficiario solicita anticipo e/ou pagamentos a conta por un importe acumulativo superior a 18.000,00 €, estará obrigado á presentación do xustificante acreditativo da constitución da garantía mediante seguro de caución prestado por entidade aseguradora ou mediante aval solidario da entidade de crédito ou sociedade de garantía recíproca e que ten que ser depositado na Caixa Xeral de Depósitos da Xunta de Galicia. A devandita garantía deberá cubrir o 110% do importe das cantidades aboadas á conta e polo prazo que medie entre a data de presentación do xustificante acreditativo da constitución de garantía e, como mínimo, aquel en que se cumpran dous meses desde o final do prazo de xustificación. A garantía será liberada unha

vez xustificada e comprobada a realización do investimento ou a actividade obxecto de axuda, segundo se establece no artigo 67º do mencionado Decreto 11/2009.

O importe conxunto dos pagamentos á conta e dos pagamentos anticipados non poderá ser superior ao 80% do importe máximo do convenio.

O importe restante pagarase unha vez xustificada e realizada a totalidade da actividade subvencionada.

O pagamento realizarase sempre previo informe de conformidade da Área de Sociedade Dixital da Amtega e, no seu caso, comprobación material do investimento de conformidade co artigo 30, puntos 2 e 3, da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia.

Novena.- Minoración da subvención

Procederá a minoración da subvención concedida cando as actuacións desenvolvidas e xustificadas ao abeiro do presente convenio teñan un custo inferior ao orzamento establecido no seu clausulado, e sempre que esta minoración non supoña unha realización deficiente do proxecto. Producirase a perda do dereito ao cobramento parcial polo importe de minoración da subvención.

Décima.- Reintegro

Procederá o reintegro parcial ou total dos fondos percibidos no suposto de incumprimento das condicións establecidas para a súa concesión nos termos previstos no Título II da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia.

Así mesmo, ao abeiro do disposto no artigo 14.1.n) da Lei 9/2007, os criterios de graduacións dos posibles incumprimentos para determinar a cantidade a minorar serán os seguintes:

- a) O incumprimento total dos fins para os que se concedeu a axuda, da realización dos gastos subvencionables, ou da obriga de xustificación, dará lugar á perda ao dereito ao cobro, ou no seu caso, ao reintegro da totalidade da axuda concedida.
- b) Calquera outro incumprimento considerarase incumprimento parcial dos fins para os que se concedeu a axuda, da realización do investimento

subvencionable ou da obrigaón de xustificación e dará lugar á perda do dereito ao cobro ou, no seu caso, na porcentaxe correspondente ao investimento non efectuado ou non xustificada.

- c) A realización de modificacións non autorizadas no orzamento subvencionable, suporá a perda do dereito ao cobro.

Terán a consideración de infraccións leves as establecidas no artigo 54 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, que poderá dar lugar ás sancións pecuniarias establecidas no artigo 59 da devandita Lei 9/2007.

As infraccións graves e moi graves en materia de subvencións, recollidas nos artigos 55 e 56 respectivamente da Lei 9/2007, poderán dar lugar ás sancións previstas no artigo 60 e 61 respectivamente.

Décimo primeira.- Notificacións

1. As notificacións de resolucións e actos administrativos practícaranse só por medios electrónicos, nos termos previstos na normativa reguladora do procedemento administrativo común.
2. As notificacións electrónicas realizaranse mediante o Sistema de Notificación Electrónica de Galicia – Notifica.gal dispoñible a través da sede electrónica da Xunta de Galicia (<https://sede.xunta.gal>). Este sistema remitirá ás persoas interesadas avisos da posta a disposición das notificacións á conta de correo e/ou teléfono móbil que consten na solicitude para efectos de notificación. Estes avisos non terán, en ningún caso, efectos de notificación practicada e a súa falta non impedirá que a notificación sexa considerada plenamente válida.
3. No caso de persoas interesadas que, de acordo coa normativa básica, estean obrigadas a relacionarse a través de medios electrónicos coa administración, deberán crear e manter o seu enderezo electrónico habilitado único a través do Sistema de Notificación Electrónica de Galicia, para todos os procedementos administrativos tramitados pola Administración xeral e do sector público autonómico. En todo caso, a Administración xeral poderá de oficio crear o indicado enderezo, aos efectos de asegurar o cumprimento polos indicados interesados da súa obriga de relacionarse por medios electrónicos.
4. As notificacións por medios electrónicos entenderanse practicadas no momento

en que se produza o acceso ao seu contido. Cando a notificación por medios electrónicos sexa de carácter obrigatorio, ou fose expresamente elixida polo interesado, entenderase rexeitada cando transcorresen dez días naturais desde a posta á disposición da notificación sen que se acceda ao seu contido.

5. Se o envío da notificación electrónica non fose posible por problemas técnicos, a Administración xeral e do sector público autonómico de Galicia practicará a notificación polos medios previstos na normativa reguladora do procedemento administrativo común.

Décimo segunda.- Vixencia.

O presente convenio entrará en vigor na data da súa sinatura e terá vixencia ata o 31 de decembro de 2018.

Décimo terceira.- Comisión de seguimento.

Para velar polo cumprimento do estipulado, constituirase unha comisión paritaria de seguimento da execución do convenio, formada por dous representantes da Amtega e dous representantes do CPEIG, que actuará como órgano de vixilancia, seguimento e control do establecido neste convenio, promovendo, se o considera adecuado, outras actuacións que poidan enriquecer o seu desenvolvemento. A composición da dita comisión será a seguinte:

- Pola Amtega, a persoa titular da súa Dirección, ou persoa na que delegue, e a persoa titular da Dirección da Área de Sociedade Dixital, ou persoa que a substitúa.
- Polo CPEIG, a persoa titular da súa presidencia e a persoa titular da súa secretaría, ou persoas nas que deleguen.

Esta comisión estará presidida pola persoa titular da Dirección da Amtega, que terá voto de calidade, e reunirse en tódalas ocasións que se estimen oportunas.

Décimo cuarta.- Publicidade

O CPEIG consente expresamente a inclusión dos datos relevantes deste convenio nos rexistros públicos que proceda, de acordo coa Disposición Adicional do Decreto

132/2006, do 27 de xullo, polo que se regulan os rexistros públicos creados nos artigos 44 e 45 da Lei 7/2005, do 29 de decembro, de orzamentos xerais da Comunidade Autónoma de Galicia e no Decreto 126/2006, do 20 de xullo, polo que se regula o Rexistro de Convenios da Xunta de Galicia. Así como tamén se compromete a facilitar toda a información requirida ao abeiro do artigo 4 da Lei 1/2016, de 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno.

Décimo quinta.- Resolución.

O presente convenio resolverase por incumprimento total ou parcial dalgunha das cláusulas que o regulan ou polo transcurso do tempo estipulado sen que se realicen os investimentos.

Así mesmo, poderase resolver por denuncia unilateral de calquera das partes previa comunicación á outra parte cun mes de antelación.

Décimo sexta .- Modificación da concesión.

1. Toda alteración das condicións tidas en conta para a concesión desta subvención e, en todo caso, a obtención concorrente de subvencións ou axudas outorgadas por outras administracións ou entes públicos ou privados, nacionais ou internacionais, poderá dar lugar á modificación do convenio polo que se regula a presente subvención.

2. Cando por circunstancias técnicas sexa imprescindible variar o contido específico dos investimentos ou os prazos recollidos no presente convenio, a persoa titular da Dirección da Amtega poderá acordar a modificación do convenio a instancia do beneficiario sempre que se cumpran os seguintes requisitos:

- a) Que a actividade, conduta ou modificación do proxecto estea comprendida dentro do obxecto deste convenio de colaboración.
- b) Que se acredite a inexistencia de prexuízo a terceiros/as.
- c) Que os novos elementos e as circunstancias que motiven a modificación, de teren concorrido na concesión inicial, non supuxesen a denegación da axuda ou subvención.

3. O beneficiario deberá solicitar esta modificación mediante instancia dirixida á persoa titular da Dirección da Amtega, xunto coa documentación acreditativa do cumprimento dos requisitos reflectidos no punto anterior, ata o 30 de setembro de 2018. De non facelo poderá implicar a perda da subvención afectada pola modificación e, no caso de que esta implique unha variación substancial do proxecto inicial, a perda total da subvención concedida.

4. A conformidade expresa da Amtega ás mencionadas modificacións requirirá informe favorable da Área de Sociedade Dixital da Amtega, e só será outorgada cando non se alteren significativamente o proxecto inicial e se cumpran os requisitos antes indicados.

5. O acto polo que se acorde ou se denegue a modificación da resolución será ditado pola persoa titular da Dirección da Amtega logo da instrución do correspondente expediente ao cal se lle dará audiencia ao interesado nos termos previstos na Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia.

Décimo sétima.- Inexistencia de relación laboral.

A subscrición do presente convenio non implicará relación laboral, contractual ou de calquera outro tipo entre os profesionais que realicen as actividades obxecto deste convenio e a Amtega.

Décimo oitava.- Interpretación.

O presente convenio ten natureza administrativa, e como tal excluído do ámbito de aplicación do Texto refundido da Lei de contratos do sector público (artigo 4.1.d) do TRLCSP), se ben se observarán os seus principios para a resolución das dúbidas e lagoas que se puidesen presentar.

Rexerase polas súas propias cláusulas e supletoriamente, polas normas xerais do dereito administrativo.

A Amtega ostenta a prerrogativa de interpretar, e resolver tódalas dúbidas que xurdan na súa execución, de acordo co réxime xurídico legalmente aplicable.

Décimo novena.- Dereitos de explotación e propiedade intelectual

A documentación e o material elaborado dentro do marco deste convenio deberá poñerse a disposición pública con licenzas de documentación libres aprobadas pola Free Software Foundation ou a Open Source Initiative, preferentemente coa licenza Creative Commons Recoñecemento – CompartirIgual **(CC-BY-SA)**.

O CPEIG debe garantir que obtivo, no caso de ser necesario, o permiso dos titulares dos dereitos de propiedade intelectual ou do seu representante legal, para utilizar fragmentos de textos, ilustracións, mapas, sons, vídeos, gráficos ou outros elementos incluídos na obra ou obras entregadas.

O CPEIG deberá facer dispoñible, no caso de que a obra final sexa obtida mediante compilación ou procesamento dun ficheiro fonte ou varios, todos os ficheiros necesarios para xerar a obra, baixo as mesmas condicións que a propia obra.

A obra debe empregar formatos e estándares abertos e non deben existir restricións técnicas ou outro tipo de restricións ou limitacións que limiten as liberdades de uso, estudo, copia, cambios, realización de melloras, distribución total ou parcial da obra e das súas modificacións.

De ser o caso, o código fonte das aplicacións desenvolvidas no ámbito deste convenio deberán poñerse a disposición pública cunha licenza compatible coa definición de Software Libre ou de Fontes Abertas segundo o Real Decreto 4/2010, do 8 de xaneiro polo que se regula o Esquema Nacional de Interoperabilidade no ámbito da Administración Electrónica, asegurando que os programas, datos ou información que se comparten:

- a) Poden executarse para calquera propósito.
- b) Permiten coñecer o seu código fonte.
- c) Poden modificarse ou mellorarse.
- d) Poden redistribuírse a outros usuarios con ou sen cambios sempre que a obra derivada manteña estas mesmas catro garantías.

O CPEIG resérvase o dereito de publicar os resultados, parciais ou finais, obtidos durante a execución do convenio facendo constar o financiamento da Amtega.

Calquera que sexa o medio de difusión, ámbalas partes comprométense a facer mención expresa do presente convenio.

Vixésima.- Normativa aplicable

O presente convenio de colaboración rexeráse especialmente por:

- A Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia e o Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro, polo que se aproba o seu regulamento.
- Decreto 252/2011, do 15 de decembro, polo que se crea a Axencia para a Modernización Tecnolóxica de Galicia e se aproban os seus estatutos.
- Acordo adoptado polo Consello da Xunta de Galicia na súa reunión do día 27 de marzo de 1991 e feito público mediante Resolución da Consellería de Economía e Facenda de data 8 de abril de 1991, sobre convenios de cooperación con outros entes públicos e de colaboración con particulares.
- A Lei 1/2016, de transparencia e bo goberno
- Decreto 132/2006, do 27 de xullo, polo que se regulan os rexistros públicos creados nos artigos 44 e 45 da Lei 7/2005, do 29 de decembro, de orzamentos xerais da Comunidade Autónoma de Galicia.
- A achega económica outórgase ao amparo do disposto no Regulamento (CE) 1407/2013 da Comisión, do 18 de decembro de 2013, relativo á aplicación dos artigos 107 e 108 do Tratado de funcionamento da Unión Europea ás axudas *de mínimis* (DOUE 24/12/2013, L352/1).

E, en proba de conformidade, asínase o presente convenio no lugar indicado no encabezamento

A directora da Axencia para a
Modernización Tecnolóxica de Galicia

O presidente do Colexio Profesional de
Enxeñaría en Informática de Galicia

Mar Pereira Álvarez

Fernando Suárez Lorenzo

ANEXO I

INDICADORES A CONSIDERAR PARA O CUMPRIMENTO DOS OS OBXECTIVOS DO CONVENIO:

- Nº total de asistentes ás xornadas, obradoiros e seminarios.

OUTROS INDICADORES A CONSIDERAR A EFECTOS ESTATÍSTICOS NO RELATIVO A *“Estratexia galega sobre discapacidade 2015-2020”*, *“Plan Galego para a igualdade entre mulleres e homes”*, *“Plan Galego de Persoas Maiores”*:

- Nº de asistentes por rango de idade e por sexo ás xornadas, obradoiros e seminarios.
- Nº de persoas asistentes, por sexo, con discapacidade ás que se facilitase a accesibilidade ás xornadas, obradoiros e seminarios.
- Nº e tipo de medidas adoptadas para mellorar a accesibilidade de persoas con discapacidade ás xornadas, obradoiros e seminarios

